



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL SOBRE INTERVENCIÓN QUE AFECTA A UN BEN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

EXPEDIENTE: 392/20

PROMOTOR: Concello de Ferrol

INTERVENCIÓN: Intervencións na Bateria Baixa do Castelo de San Felipe.

CONCELLO: FERROL

ANTECEDENTES

1. A solicitude de autorización, remitida polo Concello, ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o día 18.02.20 (entrada 810/RX 362889).

As obras que se pretenden executar veñen definidas no documento "Proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de la Torre del siglo XIX de la Bateria Baja del Castillo de San Felipe para usos expositivos, y diseño del contenido expositivo. Concello de Ferrol", de xaneiro de 2020, asinado polo arquitecto Ramón Montero Cereijo.

Consta no expediente informe do Xefe da Oficina Técnica de Urbanismo, que é favorable. Asemade consta informe da asistencia técnica de arqueoloxía do 14.02.2020.

2. O Consello Territorial de Patrimonio Cultural de Galicia da Coruña, reunido en sesión o día 06 de maio de 2020, acordou emitir o seguinte informe:

"[...] O proxecto ten como obxectivo a rehabilitación da Torre do século XIX da Bateria Baixa do Castelo de San Felipe para usos expositivos e inclúe a proposta de deseño do contido expositivo, dentro do proxecto MMIAH Recuperación y valorización del patrimonio marítimo, militar e industrial de la Costa Atlántica, co financiado pola Unión Europea e o FEDER no marco da primeira convocatoria do Programa de Cooperación Transnacional Espacio Atlántico para a valorización do bordo litoral urbano a través da recuperación de bens en desuso asociados ó patrimonio militar, marítimo e industrial das cidades costeiras.

O proxecto conta cunha análise histórica-xeográfica e da evolución do Castelo ao longo da historia, dende o seu nacemento como fortificación no s. XVI ata os nosos días; centrándose nas actuacións que puideron ter máis incidencia nos actuais problemas a tratar e un análise polo miúdo da Torre do século XIX, construída como punto de observación e para adaptar as baterías ás novas artillerías que permitían o xiro mediante sistemas mecánicos.

A torre edifícase, paralelamente ás casamatas, mediante muros de cantería en dúas alturas con bóvedas de canón en ladrillo macizo para albergar catro canóns nas súas troneiras. Os andares non se conectan entre si: ao soto accédese desde a batería baixa e ao primeiro andar desde a batería intermedia. Na fachada a porta de acceso está resolta con arco o mesmo que a xanela e na fachada norte o acceso é mediante ocos de dimensións máis reducidas.

A intervención céntrase nas seguintes actuacións:

- *Limpeza dos muros de cantería da torre, co picado de revocos de cal en mal estado nas bóvedas interiores deixando a fábrica de ladrillo á vista, capas de vexetación, óxidos..., e eliminación de elementos descontextualizados, como as instalacións de saneamento na fachada, desmontado da instalación eléctrica existente e a demolición de fábricas de ladrillo ou de bloque, fora de contexto, en ocos. A limpeza realizarase en seco mediante cepillos de raíces e con auga a presión controlada segundo os grados de deterioro.*





CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Xestión Cultural

- *Limpeza das xuntas das pezas de cantería do pavimento.*
- *Execución dunha nova cuberta cun recrecido, colocación de lámina impermeabilizante e acabado con laxas de granito moreno acabado abuxardado (100x50x8cm).*
- *Colocación de carpinterías de madeira de iroko en portas, e vidros fixos en xanelas.*
- *Colocación de elementos expositivos: caixóns de soporte de dúas maquetas de gran formato e dous expositores e as maquetas, con paneis retroiluminados. O andar terreo conterá a exposición da evolución histórica do castelo de San Felipe e o primeiro andar a evolución das defensas da ría nos séculos XIX-XX.*
- *Nova Instalación eléctrica e nova iluminación.*
- *Dotación de elementos contra incendios*
- *Deseño do contido expositivo.*

Unha vez examinada a documentación achegada considérase que a intervención recolle obras que contribuirán ao mantemento e conservación do ben. Porén non queda xustificada a supresión dos revocos de cal das bóvedas deixando a fábrica de ladrillo á vista, o que suporá un cambio substancial da imaxe do espazo, polo que se deberá xustificar en base a argumentos históricos a retirada do revoco na memoria final da intervención, ou de non ser posible esta xustificación histórica, manter o acabado con revoco de cal como está na actualidade.

*En consecuencia, visto expediente e de acordo cos correspondentes informes dos servizos técnicos, o Consello Territorial do Patrimonio Cultural da Coruña, estritamente dende as súas competencias en materia de protección do Patrimonio Cultural e con independencia do cumprimento da lexislación urbanística (competencia do Concello) ou calquera outra lexislación sectorial, por unanimidade dos vogais presentes nesta reunión, **acorda informar favorablemente as obras solicitadas coa condición sinalada neste informe respecto do acabado das bóvedas con revoco de cal.***

Asemade lémbrese que, conforme establece o artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, deberá achegarse a esta Xefatura Territorial, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final redactada e asinada polo director das obras, que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo e que inclúa un estudo e unha reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A intervención afecta ao Castelo de San Felipe, que figura no catálogo do PXOM coa referencia C-2 e nivel de protección integral. Asemade figura coa clave identificativa GA 15036089 no catálogo do patrimonio arqueolóxico.
Por outra banda, o castelo está protexido conforme ao Decreto do 22 de abril 1949, sobre protección dos castelos españois, coa categoría de monumento, e ten a consideración de ben de interese cultural en virtude das disposicións adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español e adicional primeira da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, e figura coa referencia R-I-51-0008846.
2. Ao afectar a intervención a un ben do patrimonio cultural de Galicia, segundo o artigo 39 da Lei 5/2016, precisa de autorización previa da consellería con competencias en patrimonio cultural.
3. É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
 - Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
 - Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
 - Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
 - Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.





- Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- As demais normas de aplicación, en particular a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

De acordo con todo o indicado e no exercicio da competencia que me atribúe a Resolución do 9 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares das xefaturas territoriais desta consellería o exercicio de determinadas competencias (DOG núm. 18 do 25 de xaneiro); o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

RESOLVO

Autorizar as obras solicitadas coa condición sinalada no informe do Consello Territorial de Patrimonio Cultural da Coruña.

Asemade lémbrese que, conforme establece o artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, deberá achegarse a esta Xefatura Territorial, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final redactada e asinada polo director das obras, que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo e que inclúa un estudo e unha reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final.

Esta autorización non exime das autorizacións sectoriais oportunas e do cumprimento das ordenanzas municipais.

A Coruña, asinado polo xefe territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura e Turismo no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 26.3.c da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

